



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

MÁSTER OFICIAL EN MIGRACIÓNS INTERNACIONAIS
TRABALLO FIN DE MÁSTER DO CURSO ACADÉMICO 2011/12.

TÍTULO DEL TRABAJO FIN DE MÁSTER

O factor xeopolítico nas Relacións Internacionais: o caso marroquí

NOME E APELIDOS DO AUTOR

Daniel Rodríguez Cao

Titor Académico:

José Ángel Brandariz García

Convocatoria de setembro de 2012

Índice

- 0. Resumo, páxina 1**
- 1. Introducción, páxina 3**
- 2. Antecedentes, páxina 4**
 - 2.1 Evolución histórica, páxina 5**
 - 2.2 Volume, páxina 9**
 - 2.3 Peso económico, páxina 10**
- 3. Marco teórico, páxina 12**
- 4. Enfoque metodolóxico, páxina 15**
- 5. Obxectivo, páxina 17**
- 6. Hipótese, páxina 19**
- 7. Material, páxina 21**
 - 7.1. A economía das migracións en Marrocos, páxina 22**
 - 7.1.1 A economía da diáspora, páxina 22**
 - 7.1.2 O beneficio da fronteira, páxina 25**
 - 7.2 A axenda da migración, páxina 29**
 - 7.2.1 Unha fronteira flexíbel, páxina 30**
 - 7.2.2 Un socio obediente, páxina 31**
 - 7.2.3 Política de portas abertas, páxina 34**
 - 7.2.4 Migración e conflito, páxina 36**
- 8. Conclusións, páxina 41**
- 9. Bibliografía, páxina 42**

*Marrocos só controla a emigración cando necesita axudas económicas.
Se o fai, condenanos ao analfabetismo e á pobreza, se non, invítanos a marchar.*

Khadija Ryadi , activista marroquí

0. Resumo

O proceso de globalización acelerou as diferenzas entre os países chamados do Norte e do Sur. Dentro dun novo marco macroeconómico, os Estados desfavorecidos víronse obrigados a tirar o máximo partido dos seus recursos, tamén demográficos. Este é o caso de Marrocos, o Reino norteafricano, cun mercado interior de traballo excesivamente precarizado, dedicado case exclusivamente ao agro, ao pequeno comercio e á recente aceleración da industria turística.

En comparación con outros países de semellantes características do seu mesmo continente, Marrocos é un país en emerxencia, cun PIB en aumento progresivo, en parte tamén grazas ao uso que fai da migración como factor de negociación e ingreso financeiro. A habitual recepción de remesas, estimuladas polo goberno, nos países emisores de migración, complementábase en Marrocos co uso das leis de control migratorio como medida de presión, a través da cal negociar e favorecer os investimentos estranxeiras.

O obxectivo deste estudo, polo tanto, é esclarecer o interese das autoridades marroquíes en que o fenómeno migratorio non recúe polos réditos que tiran del. O proceso de globalización acelerou as diferenzas entre os países chamados do Norte e do Sur. Dentro dun novo marco macroeconómico, os Estados desfavorecidos víronse obrigados a tirar o máximo partido dos seus recursos, tamén demográficos. Este é o caso de Marrocos, o Reino norteafricano, cun mercado interior de traballo excesivamente precarizado, dedicado case exclusivamente ao agro, ao pequeno comercio e á recente aceleración da industria turística.

En comparación con outros países de semellantes características do seu mesmo continente, Marrocos é un país en emerxencia, cun PIB en aumento progresivo, en parte tamén grazas ao uso que fai da migración como factor de negociación e ingreso financeiro. A habitual recepción de remesas, estimuladas polo goberno, nos países

A migración como factor xeopolítico nas Relacións Internacionais: O caso marroquí emissores de migración, complementábase en Marrocos co uso das leis de control migratorio como medida de presión, a través da cal negociar e favorecer os investimentos estranxeiras.

O obxectivo deste estudo, polo tanto, é esclarecer o interese das autoridades marroquí en que o fenómeno migratorio non recúe polos réditos que tiran del.

1. Introducción

A migración é un fenómeno absolutamente global, no que a práctica totalidade dos países do mundo se ven involucrados, xa sexa como receptores, como emisores, ou simplemente como lugares de paso, que tamén rematan por converterse en receptores. O certo é que existen unha grande cantidade de Estados, os emisores, para os que a cuestión migratoria se ten convertido nunha centralidade política, en tanto que son os fluxos migratorios os que ocupan parte da súa axenda política, produción lexislativa e actuacións diplomáticas, nomeadamente a nivel de tratados versados sobre o control de ditos fluxos, que son os que conforman a maior parte da súa actividade política internacional.


Para a mellor comprensión deste feito, existe un caso paradigmático, o do Reino de Marrocos. Este país árabe norteafricano comparte varias das características comentadas, sendo á vez emisor, receptor, e lugar de paso; pero tamén conta cunha política estatal moi definida ao respecto.

A través do estudo de caso concreto, tentarase verificar se o feito migratorio é empregado para a mantenza dunha posición internacional en constante progreso, e á vez como factor lexitimador do goberno vixente, tanto a nivel do seu sistema político como económico.

2. Antecedentes

No ano 2010, a taxa de migración neta marroquí acadou un mínimo histórico, o -3'88%, a porcentaxe máis baixa nos últimos anos. A crise económica e as consecuentes cifras de desemprego que afectan á Unión Europea, destino principal da emigración marroquí, que na actualidade acolle a 3'5 millóns de cidadáns do país norteafricano, é a causa primordial de tal desaceleración dun fluxo que no ano 2008 era de -0'77% (CIA World Factbook), pasando, polo tanto, en só tres anos dun mínimo a un máximo histórico. Estes datos non agochan a importancia que ten o feito migratorio para o Reino de Marrocos, país no que un 12'5% da poboación habita no estranxeiro.

Cadro 1: Taxa de migración neta (migrante(s)/1000 habitantes)



Fonte: CIA World Factbook

2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011
-1,21	-1,15	-1,09	-1,03	-0,98	-0,92	-0,87	-0,82	-0,77	-0,72	-3,88	-3,77


Dese 12'5% da poboación marroquí residente no estranxeiro, un 80% habita en territorio pertencente á Unión Europea, e o resto divídese fundamentalmente entre Alxeria e Libia, converténdose progresivamente América Latina no novo receptor en potencia. Estes

A migración como factor xeopolítico nas Relacións Internacionais: O caso marroquí
países, xunto á UE, acollen colonias marroquís de máis de 100.000 persoas.

Das mencionadas, a migración cara ao inmediato norte xeográfico marroquí é a que toma máis relevancia pola súa evolución histórica, volume e utilización como factor de negociación e lexitimidade interna e externa por parte das autoridades.

O seguinte cadro amosa un mapa no que se reflicte o volume das colonias de marroquís no estranxeiro, pertencente ao ano 2002:

Cadro 2: Distribución da diáspora marroquí



2.1 Evolución histórica

A relación concreta entre Marrocos e Europa, na que se atopa unha das razóns das posteriores migracións masivas cara o norte, comeza no ano 1912 coa sinatura do

Tratado de Fez, acordo mediante o cal o país norteafricano pasa a converterse nun protectorado francés, tras anos de relativa independencia e modificacións territoriais baixo o mandato da dinastía alauita. Pese a que o Tratado de Fez recoñece a soberanía do Sultán, é desde este momento en que se pode falar de relación colonial entre ambos países, dado que Marrocos perde grande parte da súa autonomía política. A consecuencia disto, os fluxos entre ambos países acrecentaríanse, dando por comezada a relación migratoria¹, xa que nos casos de relación colonial, o país que exerce de metrópole destina ao país colonizado cantidades de poboación coa finalidade de xestionar o novo territorio, e á vez recruta man de obra. No caso franco-marroquí calcúlase, sendo os primeiros datos do ano 1950, que máis de 500.000 franceses² formarían parte da colonia francesa.

Nesta primeira fase da relación histórica entre Europa e Marrocos, no tocante ao tema migratorio froito da época colonial, poderíase falar das primeiras migracións motivadas na cuestión económica. Nestes intres existiu un fluxo recíproco, aínda que desigual en tanto á motivación e ao volume, xa que desde Francia a Marrocos quen migraría sería alto funcionariado destinado a dirixir a administración colonial, mentres que as migracións cara o norte virían motivadas na necesidade de subsanar o déficit de man de obra dos países europeos durante os anos de grande desenvolvemento industrial, e posterior carreira armamentística, previos á Primeira Guerra Mundial.

Os períodos correspondentes ás dúas guerras e aos anos transcorridos entre elas, foron dunha grande intensidade migratoria, debido á necesidade dos países europeos de recompoñer os seus continxentes de man de obra, tanto para a industria como para a reconstrución dos danos derivados do enfrontamento armado.

Nos anos posteriores á fin da Segunda Guerra Mundial, e da independencia de Marrocos, acadada no 1956, comezarían os primeiros procesos de asentamento dos cidadáns chegados para a reconstrución, seguidos do reagrupamento familiar correspondente, xa que o feito de que os fluxos viñeran destinados á participación na guerra e á reconstrución industrial, fixo que estes foran, na súa práctica totalidade, masculinos. Unha aceleración que provocaría, unha vez Marrocos independizado e recoñecido como interlocutor, a

1. Berriane, Mohamed (2004): La larga historia de la diáspora marroquí: *Atlas de la inmigración marroquí en España*, Madrid, Universidad Autónoma de Madrid. 24-26

2. Fonte: Wikipedia. <http://es.wikipedia.org/wiki/Marruecos>

chegada aos primeiros acordos bilaterais coa finalidade de abordar a cuestión migratoria, dándose en anos case consecutivos acordos con Francia e Alemaña (1963)³, Bélxica (1964) e os Países Baixos (1969). Estes acordos estaban fundamentados, basicamente, en que as persoas agora reagrupadas formaban parte da poboación inactiva, e que nestes anos se producira unha explosión demográfica en Marrocos coincidindo cunha desaceleración dos ritmos de crecemento económico.

O endurecemento, polo tanto, das condicións de acceso aos países europeos, así como a recesión económica dos primeiros anos da década dos setenta, provocou que os fluxos de marroquí cara o norte se diversificasen, de xeito que España e Italia pasan a converterse progresivamente en novos referentes, obedecendo non só á ausencia de leis restritivas, senón tamén a que en ámbolos dous países o desenvolvemento económico foi máis tardío, en consonancia coa reforma dos seus sistemas políticos.

As trazas desta segunda fase serían, polo tanto, o dunha migración extensiva, xa non destinada só a países determinados, e máis diversificada, non só composta por homes e de motivación económica, senón mixta e de reagrupamento. A isto súmase que, unha vez chegados os primeiros froitos da diáspora, en forma de desenvolvemento no país de orixe, a migración que chega xa non se integra só na industria, senón que se pode falar de unha migración que é en parte cualificada, e en parte destinada a ocupar os postos abandonados no sector primario, que en España tiña unha grande demanda de man de obra tras o segundo grande éxodo rural-urbano do século XX. Deste xeito, os novos migrantes concentráronse nas comarcas agrícolas mediterráneas, desde Andalucía até Cataluña e, sobre todo, en Valencia.

Na seguinte táboa pódese observar a concentración de persoas inmigrantes procedentes do Reino de Marrocos por Comunidade Autónoma, na que se aprecia unha clara tendencia a que os fluxos migratorios se asenten nas comunidades mediterráneas:

3. Baduel, Pierre (1980), *Société et émigration temporaire au Nefzaoua* (Sud-Tunisien), París, Editions du cnrs.

Cadro 3: Táboa de distribución da poboación marroquí residente en España por CCAA

Total	539.773
Andalucía	98.391
Aragón	10.934
Asturias	1.686
Baleares	14.879
Canarias	17.552
Cantabria	1.121
Castela e León	10.556
Castela-A Mancha	17.588
Cataluña	155.282
Valencia	53.804
Extremadura	5.474
Galicia	3.733
Madrid	68.859
Murcia	43.415
Navarra	4.625
Euskadi	8.140
A Rioxa	5.226
Ceuta e Melilla	18.508

Fonte: Elaboración propia a través de Encuesta Nacional de Inmigrantes, INE/2007

Unha segunda razón que explicaría esta concentración en lugares onde o sector económico fundamental é o primario é que a grande parte dos inmigrantes chegados desde Marrocos proveñen precisamente de territorios tamén agrícolas e gandeiros do país norteafricano, polo que existiría xa desde o punto de partida unha especialización que orientaría cara o destino final.

A terceira fase, xa entrada a década dos noventa, posúe dúas trazas características fundamentais: por unha banda, o feito de térense concentrado (os migrantes da anterior etapa) dentro do sector primario, onde as posibilidades de inserción laboral eran maiores,

fixo que os fluxos se acelerasen, non só a modo de reagrupamento, senón tamén como efecto chamada. De aí as grandes taxas de irregularidade soportadas nesa época, cuestión que provocou, por evidencia xeográfica, que o principal destino pasase de ser Francia a ser España. Outro elemento definitorio deste momento foi a aprobación das primeiras políticas de integración, coa intención de favorecer o acceso das persoas migrantes aos servizos públicos, o que serviu como factor de atracción.

Na época actual, os primeiros anos dous mil, sobre todo a partir do ano 2006, cos primeiros síntomas da recesión económica nos países da Unión Europea, o tránsito de persoas desde Marrocos cara a Unión Europea tense reducido de xeito relevante, producíndose unha nova diversificación no fluxo xurdido desde Marrocos. Este non está conformado só por cidadáns marroquí, senón doutros países do continente africano, na súa maior parte senegaleses, e o seu destino principal xa non é a Unión Europea, senón América Latina. Precisamente, esa diversificación na orixe, que converte, en consecuencia, a Marrocos en país de tránsito, fai que as taxas de irregularidade sexan as únicas que continúen en aumento progresivo, e as autoridades europeas teñan trasladado ao país norteafricano determinadas responsabilidades de control e xestión destes fluxos.

2.2 Volume

As grandes taxas de irregularidade soportadas pola emigración marroquí complexizan a compilación de datos fiables arredor do peso do fenómeno migratorio. Pese a isto, dúas cifras ofrecen datos orientativos ao respecto:

A primeira, un dato de novembro de ano 2011. Nese momento celebráronse en Marrocos as últimas eleccións lexislativas, nas que xa se atopaba en vigor a nova normativa electoral xurdida da reforma constitucional elaborada e referendada a comezos do mesmo ano. En dita reforma, favorecíase o acceso dos cidadáns marroquí residentes no estranxeiro ao voto. Pese ás denuncias sobre a posíbel manipulación dos resultados, tanto as entidades consulares de Marrocos como as asociacións de migrantes coincidiron na correcta elaboración do censo. Tendo en consideración como axeitadas ditas cifras, que afectarían, iso si, só a persoas en situación de regularidade e maiores de idade, a

cifra de persoas residentes no estranxeiro sería de 2.400.000 persoas⁴, un total do 12'5% da poboación marroquí censada naquelas eleccións. Esta porcentaxe estaría suxeita a lixeiras variacións pola grande cantidade de persoas en situación irregular e persoas menores de idade residentes no estranxeiro, e a tamén grande cantidade de persoas menores de idade a habitar no territorio do Reino.

Unha segunda cifra que fala do impacto, de modo orientativo, que ten a migración na sociedade marroquí, son as taxas de poboación activa. Segundo o relatorio do ano 2011 do Banco Mundial⁵, Marrocos posúe unha das taxas de poboación activa máis baixas do mundo, un 50%, só habendo cinco países que teñan cifras inferiores (Bosnia, Xordania, Túnez, Alxeria e Afganistán). Este dato cobra relevancia dado que a taxa de natalidade do Reino de Marrocos é incomparábel co seu ritmo de crecemento demográfico, xa que se atopa entre os cen países do mundo con máis nacementos, e posuíndo a menor cifra, xunto con Alxeria e Botswana, de mortalidade infantil en África. Existe, polo tanto, un claro desequilibrio entre o número de persoas que deberían pasar a formar parte da poboación activa e residente e as que posteriormente pasan a engrosar tal grupo, feito só xustificábel a través do baleiro demográfico provocado pola emigración.

2.3 Peso económico

A terceira das variábeis, a través das cales observar a enorme relevancia que ten para o Reino de Marrocos o feito migratorio, é a económica.

Pese a estar en constante perda dos sectores demográficos con maior potencial de desenvolvemento, en canto á cualificación se refire, e un éxodo poboacional continuo, Marrocos estase a converter nunha das maiores economías do seu continente, con maior índice de crecemento. Segundo o propio Ministerio de Economía, o PIB medrará un 4'8% no 2012, reducíndose así, aínda que lixeiramente, a tendencia á alza dos últimos anos, situada nunha media do 5%. Atendendo ao PIB do pasado ano, visualízanse unha serie de datos que indican o peso da migración na economía marroquí. Un exemplo é que o sector agrícola, que emprega ao 43% da poboación, representa o 14% do PIB, mentres

4. Véxase: http://www.cadenaser.com/internacional/articulo/marruecos-vota-elecciones-marcadas-abstencion/csrgsrpor/20111124csrgsrint_6/Tes

5. Véxase: <http://datos.bancomundial.org/indicador/SL.TLF.CACT.ZS>

A migración como factor xeopolítico nas Relacións Internacionais: O caso marroquí

as remesas chegadas desde o estranxeiro, nomeadamente de España e Francia, países que envían o maior volume, chega ao 15%, supoñendo un total de 6.400 millóns de dólares. Segundo o mesmo estudo do FMI, as remesas no ano 2001, dez anos antes, eran o 9'5 do PIB.

A isto habería que sumar que a condición do Reino de Marrocos como país emisor de emigración cara a UE, fai que se convirta en destinatario fundamental de axudas para a cooperación, coa finalidade de fomentar o co-desenvolvemento e o control da migración irregular por parte das autoridades marroquí. Segundo o último informe da UE ao respecto, esta axuda estaría cifrada en cen millóns de euros.

Desde estas tres perspectivas, a evolución histórica dos fluxos migratorios, o seu volume e o peso económico das remesas enviadas polos cidadáns na diáspora, pódese visualizar como a migración é un fenómeno de múltiples efectos para sociedade marroquí, así como tamén que se trata dun feito que foi evolucionando coa historia dos lugares emisores e receptores, en constante transformación e adaptación.

Por outra banda tamén se pode verificar o impacto que ten na sociedade, converténdoa nunha poboación de extremos, de tal xeito que a poboación inactiva conforma a práctica maioría.

E por último, tamén se pode refutar a dependencia económica que crea para o goberno marroquí o feito migratorio.

3.Marco Teórico

O feito de que a práctica totalidade dos países do mundo se vexan inmersos dentro dos diversos fluxos migratorios, que sexa unha circunstancia tan ampla, fai que este poda ser analizado desde unha multitude de perspectivas, non só en canto á súa motivación, senón tamén desde unha pluralidade de disciplinas dentro das ciencias sociais.

Como reflicten os antecedentes, un só fluxo, como é o que une a Marrocos e a Unión Europea podería ser analizado desde tres puntos de vista. A Historia permite visualizar como o pasado colonial e as diversas conxunturas que foron afectando ao colonizador, neste caso Francia, coas súas mudanzas no modelo produtivo as esixencias das súas distintas etapas, a participación nas Guerras Mundiais, explican como se ten desenvolvido ese tránsito de persoas entre ambos países.

A través da economía, poderíase verificar tamén, como a intensidade do fluxo migratorio depende tamén dos mellores resultados económicos nos dous lugares implicados, como sen datos positivos nun non hai saídas desde o outro, ou como este feito se reproduce á inversa, así como as consecuencias que pode ter en ambos lugares unha maior ou menor estabilidade nos ritmos económicos.

Porén, o obxecto de estudo deste traballo non son as migracións, senón algunha das consecuencias que delas se derivan. O até agora explicado non procuraba senón por de relevancia a magnitude dun feito determinado, e as disciplinas científicas e metodolóxicas mentadas non serven neste caso máis que para xustificar as condicións previas necesarias para a aparición do feito a estudar. Ese feito, a utilización da migración como factor á hora da negociación política, require dunha terceira disciplina, como neste caso son os Estudos Internacionais. Pese a que este é o nome da cátedra na que están incluídos, os Estudos Internacionais son unha materia multidisciplinar, xa que as súas análises tenden a conter elementos do dereito internacional, a economía, e tamén a historia, pero nomeadamente da ciencia política, e desde esta é de onde parten a maior

parte das súas manifestacións académicas.

O principal obxecto de estudo das Relacións Internacionais desde a Ciencia Política é a chamada Sociedade Internacional e as interaccións dos seus diversos compoñentes, os chamados actores, que son basicamente tres: Estados, organizacións intergubernamentais e as forzas transnacionais (ONG, grandes empresas, opinión pública internacional)⁶. Até chegar a esta conclusión actual da existencia dunha pluralidade de actores, o percorrido das Relacións Internacionais foi longo, xa que nos seus inicios, nos anos posteriores á Primeira Guerra Mundial, concretamente no ano 1919, o plantexamento imperante era o realista, e o esquema proposto para a estrutura internacional sinxelo: só un tipo de actor, o Estado; só unha motivación, a loita polo poder; e só un tipo de interacción, o conflito⁷.

Porén, o paradigma inicial sofre unha evolución histórica até unha situación actual definida a través da interdependencia complexa. Neste novo sistema o que impera non son só as relacións de poder no seu concepto máis estrito de capacidade coactiva, senón que entrarían en valor unha serie de factores que delimitarían a posición internacional dun Estado concreto. En palabras de Raúl Presbich, “a forza militar está devaluada, polo que os Estados militarmente máis fortes non teñen tanta facilidade en resolver o seu dominio naqueles temas nos que son débiles”⁸. Deste xeito, aqueles factores tanxíbeis como poden ser a capacidade militar, a posesión de armamento nuclear, ou dunha rede empresarial estendida a nivel internacional, véñse desprazados, en parte, pola aparición de novos factores intanxíbeis: a chamada capacidade de atracción ou soft power⁹. En resumo, a posición internacional dun Estado non ven só delimitada pola súa capacidade de coacción, senón tamén a de negociación.

Esta teoría é a idónea para achegarse ao caso a estudar, dado que o obxecto proposto conta cun factor tanxíbel moi determinado previamente xustificando: o exceso de poboación activa e a estendida vontade migratoria desta. Ademais, os Estados europeos teñen mostrado a súa preocupación pola cantidade de persoas saídas desde Marrocos

6. Merle, Marcel. (1991): *Sociología de las Relaciones Internacionales*, Madrid, Alianza. 341

7. Barbé, Esther (1995): *Relaciones Internacionales*, Madrid, Tecnos. 61-63

8. Keihane, Nye (1997) Realismo e interdependencia, *World politics in transition*, Boston, Little Brown. 23-37

9. Nye, Joseph (1980): *Managing Conflict in the Post-Cold War World: The Role of Intervention*, Aspen, Aspen Institute.

A migración como factor xeopolítico nas Relacións Internacionais: O caso marroquí

cara os seus territorios polo que se ven na obriga de negociar con este para que exerza control sobre esta poboación, e á vez Marrocos precisa das inversións deses Estados para a súa propia subsistencia, co cal críase a través da migración unha interdependencia, que a convirte en factor de negociación. Tamén dentro do texto de Persbich afirmase que a distinción entre política nacional e internacional xa non existe, de xeito que os contactos entre burocracias gobernamentais encargadas de tarefas semellantes conducen a coalicións transgovernamentais en torno a unha política concreta.

4. Enfoque metodolóxico

O método a empregar neste traballo é o do estudo de caso. Este método, segundo Daniel Díaz (1978) consiste na "realización dun exame completo ou intenso dunha faceta, unha cuestión ou quizás os acontecementos que teñen lugar nun marco xeográfico ao longo do tempo". A escolla deste método fundaméntase en que a hipótese central deste traballo é verificar unha teoría proposta no propio traballo conforme existe un novo factor de negociación nas relacións internacionais que son as migracións.

Unha segunda razón reside en que para a verificación de dita teoría obviouse o método comparado, planificado inicialmente, dada a inexistencia de casos tan paradigmáticos como o de Marrocos ou, no caso de outros países magrebís e latinoamericanos, polas escasas variábeis diferentes entre os casos propostos, o cal dificultaba ou imposibilitaba a comparación, cuestión que afectaría aos países magrebís, e as grandes diferencias existentes en canto a diversas variábeis que van desde a inserción laboral dos migrantes no país de acollida ou ao destino xeográfico, no caso da migración latinoamericana.

Propónse o estudo de caso individualizado tendo como protagonista a Marrocos na procura de un paradigma que illustre con maior nitidez a teoría proposta. Para isto, establecéronse unha serie de condicións previas que permitiran identificar un feito determinado como negociación política con base migratoria, que foron as seguintes:

- Fluxo migratorio vinculado a un proceso histórico, que permitise, a través deste, establecer unha tipoloxía e observar a súa evolución.
- Fluxo intenso e mantido no tempo sen variacións moi amplias, que permitise afirmar que este é un factor característico máis do país determinado.
- Existencia dunha cantidade de poboación considerábel de poboación en idade activa e en situación de desemprego, ou en "risco de migración", para en base a isto poder xustificar unha hipotética política de control migratorio.
- Existencia dunha interacción alongada no tempo cuxa base fose o control da migración.

A migración como factor xeopolítico nas Relacións Internacionais: O caso marroquí

- Existencia de elementos que permitisen afirmar a presenza dunha mellora da posición internacional dun dos actores após a negociación.
- Existencia de textos lexislativos que tivesen mudanzas progresivas en función das necesidades dun dos interlocutores.

Con estas premisas iniciais, chegouse á conclusión de que o caso que máis se axeitaba e que á vez participaba destes supostos con maior intensidade era o fluxo que une Marrocos e a Unión Europea, dado que noutros dos propostos, algunha das variábeis mudaba ou dificultaba a consideración destes como paradigmáticos.

5. Obxectivo

O obxectivo central deste traballo é realizar unha contribución ao estudo dos fenómenos migratorios que se producen entre Marrocos e a Unión Europea desde unha dobre perspectiva, a da Socioloxía e a da Ciencia Política.

En canto á Socioloxía das Migracións, pola necesidade de abrir esta cara un debate interdisciplinario. Evidentemente, a Socioloxía, como calquera ciencia social ou doutro tipo, posúe unha serie de limitacións que lle impiden contemplar a inmensidade de cuestións que afectan ao seu obxecto de estudo particular, só coa socioloxía non se pode analizar, por exemplo, o impacto económico que unha migración masiva provoca no lugar de orixe e acollida, ou o impacto ambiental que supón o abandono dos espazos rurais por parte das persoas que migran, feito estendido en Marrocos, ao partir dese tipo de núcleos a maior parte dos fluxos. Preténdese, pois, enriquecer á Socioloxía das Migracións en canto ás consecuencias da existencia do seu obxecto de estudo, sendo certo que a súa finalidade en todo caso é a de estudar o seu funcionamento. A achega que se pretende facer neste estudo, polo tanto, é a de visibilizar unha das múltiples consecuencias que ten a existencia de grandes fluxos entre dous lugares determinados, que a súa relación política acaba por verse influída, e mesmo determinada, por este feito.

En segundo lugar, pretendese facer unha achega á Ciencia Política, nomeadamente á área académica das Relacións ou Estudos Internacionais. A teoría dos factores e os poderes brandos e duros semella insuficiente antes as novas conxunturas que se van planeando, desde xeito, existen unha enorme cantidade de novas variábeis que non se están tendo en conta, e é preciso reforzar esta teoría porque semella a máis atinada para a análise da realidade internacional. Esta achega vén motivada en que non existe unha conciencia da existencia da migración como un factor máis dos que compoñen a capacidade negociadora dun país, xa que a teoría está excesivamente centrada nos factores estritamente tanxíbeis ou estritamente intanxíbeis, e a migración atopase a medio camiño entre ambas caracterizacións, xa que existe un factor tanxíbel (o demográfico) e dous intanxíbeis (o potencial migratorio e a capacidade negociadora dos países que

A migración como factor xeopolítico nas Relacións Internacionais: O caso marroquí

interveñen no fluxo).

O segundo dos obxectivos é demostrar esta teoría, propondo ademais un paradigma da mesma, que sirva como ilustrador dos postulados enunciados na hipótese e á vez como ferramenta que permita comprender mellor as relacións políticas entre países emisores e receptores de migración, prestando atención ao fluxo concreto Marrocos-UE.

6. Hipótese

A hipótese central deste traballo, á procura dunha extensión posterior, é dobre.

Por un lado, exponse a primeira das hipóteses: *Existe un interese por parte do goberno marroquí na mantenza de altos fluxos migratorios cara a Unión Europea, xa que isto permítelle gañar en lexitimidade tanto interior como exterior. Interior en tanto que lle supón unha saída ao superávit de poboación activa, evita a consolidación de movementos políticos contra-hexemónicos e supónlle unha fonte de ingresos económicos a través das remesas e dos fondos europeos de cooperación destinados ao control da migración. A nivel exterior garántelle a lexitimidade de ser sinalado como o responsábel do control migratorio, cuestión que preocupa ás autoridades europeas, o cal lle permite negociar en pé de igualdade cos países do seu inmediato norte xeográfico.*

Polo outro lado, e facendo un exercicio de denotación, dado que a intención é complementar nun futuro esta investigación, o traballo centrarase no segundo dos axiomas propostos: *Marrocos emprega a migración como factor de negociación e lexitimidade internacional, colocando as políticas de control migratorio como elemento central dos seus tratos cos países aos que se dirixen a maior parte dos seus emigrantes.*

Para o posterior desenvolvemento desta teoría empregáranse as seguintes variábeis independentes e as seguintes variábeis dependentes.

Como variábeis independentes, estableceuse o fluxo de saída desde Marrocos e o fluxo de entrada a determinados países, os usados nesta investigación pertencerán todos á Unión Europea. A segunda das variábeis independentes son todo tipo de tratos, tratados ou convenios, xa sexan comerciais, de investimento, construción ou control migratorio, entre outros, en cuxa negociación interveña a cuestión do control dos fluxos.

Como variábeis dependentes establécense as mudanzas nas leis migratorias, tanto a estatal como as particulares con países concretos, sexa cal sexa a súa expresión (leis concretas, negociación de cupos), coa finalidade de observar se estas varían en función

A migración como factor xeopolítico nas Relacións Internacionais: O caso marroquí dos acordos acadados. Unha segunda variábel dependente é a observación da hipotética mudanza que se produza nos fluxos antes e despois da sinatura de acordos.

7. Material

A afirmación a comprobar de que Marrocos tira do feito migratorio unha serie de vantaxes é demostrábel a través da análise dunha serie de variábeis. O material observado para realizar dita afirmación xira arredor de tres eixos temáticos principais que, aínda presentados por separado, teñen unha considerábel interrelación entre si:

- A economía. A economía marroquí vese favorecida pola marcha de milleiros de cidadáns cara ao exterior. Isto vén derivado de que a migración marroquí é fundamentalmente económica e sen intención de asentarse no país de acollida, polo que o envío de remesas económicas é constante e abundante.
- A internacionalización de Marrocos. O medo á saturación do mercado de traballo por parte dos países europeos, non tan necesitados de man de obra como na segunda metade do século XX en que se asinaron os principais acordos migratorios, fai que estes precisen de que os principais emisores de migración exerzan un maior control sobre os fluxos. O caso de Marrocos é paradigmático dado que a súa situación xeográfica fai que non só os marroquís emigren, senón que á vez exerce de fronteira. Isto provoca que o país se converta nun aliado estratéxico, e que este á vez posúa un elemento de negociación.
- A estabilidade interna. Un dos elementos sinalados por Joseph Nye (1980) como sintomático de poder é a cohesión interna dun país. A emigración non é en si un elemento de conflito social, pero si que o é o feito que a provoca. Un país con altas taxas de desemprego é un país en risco de fractura social, pero se este desemprego vese aliviado, as posibilidades de que esta fractura se produza redúcense notabelmente. Máis aínda se as cifras económicas son favorábeis.

7.1. A economía das migracións en Marrocos

Segundo os datos do Banco Mundial, nunha estatística media do avance dos PIB de todos os Estados do mundo no até agora percorrido do século XXI, Marrocos sitúase como a 60º economía mundial.

A aceleración da industria turística e agroalimentaria ten situado este país dentro da categoría dos chamados *emerxentes*. Dita consideración non resta que, pese a isto, Marrocos continúe a ser un país eminentemente pobre, atendendo á consideración de que o seu índice de desenvolvemento humano atópase dentro da media africana, é dicir, das máis baixas do mundo. Outros tres datos complementan esta consideración: a enorme taxa de desemprego, situada por riba do 20%, o feito de que case a metade da súa poboación activa, un 43%¹⁰, estea empregado no sector primario, e, por último, que un 15'3% do seu Produto Interior Bruto estea destinado ao pago da débeda externa contraída¹¹.

A necesidade de Marrocos de entrar no mercado internacional por vía da exportación en industrias como o turismo, non descoida a de procurar novos sectores que lle proporcionen ingresos. Neste eido, a migración, e os feitos derivados da mesma, xeran para o país riqueza. Por unha parte, polas remesas chegadas dos cidadáns desde o estranxeiro; pola outra, polos acordos securitarios acadados coa Unión Europea en materia de control de fronteiras.

7.1.1 A economía da diáspora

As remesas, os recursos monetarios obtidos por persoas mediante o traballo en lugares distintos ao da orixe¹², son actualmente unha das maiores “industrias” do mundo. No ano 2010, as remesas supuxeron un fluxo económico de 414.000 millóns de dólares segundo o Banco Mundial, datos que cuadriplican o PIB de máis de 66 Estados xuntos. Estes envíos supoñen para moitos países unha base fundamental das súas economías, xa que

10. Fonte: Elaboración propia, a partir de estatísticas oficiais do Institut National de Statistique et d'Economie Appliquée.

11. Fonte: Ministerio de Facenda e Administracións Públicas do Reino de Marrocos.

12. Waller Meyers, Deborah (2000): Remesas de América latina: revisión de la literatura. *Comercio Exterior Abril 2000*, México, Banco Mext. 2-6

dentro do seu PIB superan amplamente a moitas das industrias estratéxicas.

Este é o caso de Marrocos. A economía marroquí é a cuarta do mundo en canto a influencia no produto interior bruto das remesas, só superado por India, México e Filipinas. O peso en porcentaxe é do 15%, segundo datos do FMI. Ao falar de volume, Marrocos é tamén o cuarto país do mundo, en cifras do ano 2010, recibe 4218 millóns de dólares americanos desde o estranxeiro¹³. Todos estes datos refírense a clasificacións en que se atopan todos os Estados do mundo e con datos recentes, xa que a comezos de século Marrocos encabezaba todas as clasificacións.

No seu discurso durante o 24º aniversario da súa coronación¹⁴, Hassan II rematou cunha alocución dirixida aos cidadáns residentes no estranxeiro: “sede marroquí, sede marroquí”. Este discurso é o punto de partida da importancia que desde ese momento ten a diáspora para o goberno marroquí así como das políticas, recursos e institucións que se desenvolveron en torno a estes movementos de poboación. A intención de ditas políticas non era senón crear unha cidadanía no exterior que asegurara o envío de remesas e evitara o desarraigo¹⁵.


A seguinte táboa amosa como foron evolucionando as cantidades económicas recibidas en Marrocos nos últimos anos. Como se pode observar existe un antes e un despois do ano 2000:

13. Moré, Íñigo (2007): Las remesas en Marruecos y el Mediterráneo. *Codesarrollo, nuevos actores, nuevos mercados*. Madrid, Cartamed. 17-22

14. 1993: Discours et interviews de S.M. le Roi Hassan II. Rabat, Ministère de l'Information.

15. Planet, Larramendi (2011): Los emigrantes marroquí en el exterior: La construcción de una ciudadanía en la diáspora. *Mohamed VI, política y cambio social en Marruecos*, Madrid, Almuzara. 319-323

Cadro 4: Remesas recibidas en Marrocos en millóns de dirhams



Fonte: Moré, Íñigo (2007): Las sorprendentes remesas de los emigrantes marroquíes: *Atlas de la inmigración marroquí en España*, Madrid, Universidad Autónoma de Madrid.

Desde os primeiros anos do século XX prodúcese un grande aumento en canto ao volume das remesas, motivado por tres cuestións¹⁶:

- A desconfianza dos migrantes residentes en Europa cara ao euro, de aí que conforme se ía facendo patente o tratado para a moeda única europea os fluxos de capital se multiplicaran, por temor a que os cambios fixeran perder valor á moeda.
- Os efectos do 11-S, en que o derrube do World Trade Center provocou unha fuga de capital masiva desde EEUU, de aí que nos últimos meses de 2001 as remesas desde América aumentaran até un 147%.

16. *Dahiri, Mohamed (2004): Las remesas económicas y sociales de la diáspora marroquí y sus efectos en Marruecos: Atlas de la inmigración marroquí en España*, Madrid, Universidad Autónoma de Madrid. 130

- A transferencia de poder de Hassan II a Mohamed VI, que prometeu na súa toma de posesión avanzar no proceso de reforma democrática no país, o que fixo que parte da diáspora se plantexara a posibilidade de voltar ao país de orixe enviando parte do gañado en Europa alí para asentar o futuro.

En anos posteriores, o volume de remesas mantívose estábel, xa que pese á crise económica europea e o aumento de desemprego, a nova desconfianza cara o euro que provocou un novo éxodo financeiro e a diversificación dos fluxos migratorios cara novos destinos en emerxencia económica, como América Latina fixeron que os emigrantes mantiveran certo poder adquisitivo.

7.1.2. O beneficio da fronteira

A situación xeográfica de Marrocos convirte ao país nun aliado necesario para o control da migración, tanto regular como irregular. O control da fronteira marítima atravesada regularmente polas pateiras, cuxa imaxe mediática é maior que a dimensión real dos seus efectos, así como a valla da cidade de Ceuta téñense convertido en prioridade para os países europeos, nomeadamente España.

O momento álxido deste punto atópase a comezos do século XXI, co comentado aceleramento masivo dos fluxos e o traspaso de goberno entre Hassan II e Mohamed VI, que tiña como un dos eixos fundamentais do seu reinado mellorar os contactos diplomáticos coa Unión Europea, polo que o control de fronteiras pasaría a converterse nun dos puntos de diálogo fundamentais. O propósito dos Estados europeos de situar as fronteiras como eixo primordial na loita contra o tráfico de drogas e o terrorismo levou a numerosos acordos entre os países do norte de África e a UE.

Parte da intención disto reside en trasladar a responsabilidade do control migratorio fora das fronteiras da Unión Europea, convertendo aos países “exportadores” de fluxo en países-fronteira.

Varios son os planes estratéxicos en que se procura dito traslado de funcións, basicamente dous: o Plan África do goberno español e a chamada Política Europea de

Vecindade, dos anos 2006 e 2004 respectivamente.

O primeiro deles, o Plan África, a desenvolver máis adiante neste texto é un programa do goberno español, complementado cunha segunda fase no ano 2009, en que se condiciona a chegada de axuda para a cooperación e acordos económicos e comerciais á negociación de continxentes migratorios.

O segundo dos programas é a Política Europea de Vecindade. A PEV é un acordo acadado pola Comisión Europea con países que manteñen fronteiras territoriais e marítimas coa Unión Europea. Conta con varios tratados e foron realizadas varias conferencias, sendo a máis destacada o Cumio Euromediterráneo celebrado en Barcelona no ano 2008.

Os formantes da PEV son os 27 Estados da UE ademais de todos os bañados polo Mediterráneo, incluídos aquí Palestina, Siria e Israel e varias das repúblicas ex-soviéticas. O obxectivo fundamental da mesma é a consolidación dos lazos de unión así como o establecemento de programas co fin de garantir o benestar e a seguridade para todos os firmantes. Un deses programas citados é o programa MEDA¹⁷, definido como medidas de acompañamento financeiras e técnicas das reformas das estruturas económicas e sociais no marco da colaboración euromediterránea.

Dito programa recolle entre os seus obxectivos fundamentais a “cooperación e asistencia técnica para a redución da emigración ilegal”, e ven financiado polo BEI, Banco Europeo de Inversións.

O máximo beneficiario destas axudas é o goberno marroquí que nas dúas fases do programa (1996-1999 e 2000-2006) percibiu as seguintes axudas económicas: no primeiro período do programa MEDA I percibiu 630,5 millóns de euros, e no segundo 686,1 millóns de euros.

Un segundo dato a respecto da migración e os beneficios económicos pode obterse da observación da Lei Orgánica 2/2009 sobre Dereitos e Liberdades dos estranxeiros en

17. Oficina de Cooperación EuropeAid (2003): Programa MEDA, Bruxelas, Dirección General de Relaciones Exteriores.

España, englobada dentro do previamente mencionado Plan África. Dita lei condiciona a chega de Axuda ao Desenvolvemento ao control da migración no seu artigo segundo:

*Promoción do diálogo e colaboración cos países de orixe e tránsito de inmigración mediante acordos marco dirixidos a ordenar de xeito efectivo os fluxos migratorios, así como a fomentar e coordinar as iniciativas de cooperación ao desenvolvemento e codesenvolvemento*¹⁸.

No seguinte cadro pódese observar as cantidades en Axuda ao Desenvolvemento recibidas polo Estado marroquí nos últimos anos, tendo en conta ademais que este é o principal receptor de axuda saída da Unión Europea:

**Cadro 5: Axuda ao Desenvolvemento recibidas polo Estado marroquí
(Cifras en millóns de dólares)**


1996	649.590
1997	471.500
1998	531.140
1999	679.600
2000	434.410
2001	481.700
2002	352.570
2003	572.750
2004	770.030
2005	732.320
2006	1.102.180
2007	1.221.320
2008	1.451.180
2009	929.590
2010	992.540

Fonte: Banco Mundial

Como se pode observar nesta táboa, as axudas a Marrocos están estreitamente vinculadas cos seus fluxos migratorios, coincidindo nos primeiros anos do século XXI as cifras máis baixas de axuda recibida coas de maior intensidade de emigracións:

18. Lei Orgánica 2/2009 sobre Dereitos e Liberdades dos estranxeiros en España.

Cadro 6: Entradas trimestrais ao Padrón por continente de orixe, 1998-2008



Fonte: Miyar Busto, Garrido Medina (2010): La dinámica de los flujos migratorios de entrada en España. *Inmigración, Estado de Bienestar y desigualdad social en España*. Madrid, UNED.


Igualmente, como nesas datas se produce un aceleramento de negociacións entre os axentes implicados que provoca unha nova redución no fluxo e un aumento de axuda económica.

En resumo, todos estes datos levan á conclusión da total dependencia de Marrocos do feito migratorio, que levan a que case un 15% do seu Produto Interior Bruto proveña directamente do feito migratorio, xa sexa polos pequenos envíos de diñeiro dos seus cidadáns no estranxeiro ou pola súa condición de vixiante e regulador dos fluxos cara o norte.

Na seguinte táboa pode observarse a crecente influencia das remesas e como estas

equiparan en volume a suma do investimento estranxeiro e o turismo:

Cadro 7: Peso das remesas en comparación ao turismo e ao investimento estranxeiro



Fonte: Moré, Íñigo (2007): Las sorprendentes remesas de los emigrantes marroquíes: *Atlas de la inmigración marroquí en España*, Madrid, Universidad Autónoma de Madrid.

7.2. A axenda da migración

No momento en que unha cuestión determinada pasa a ser parte fundamental do sistema económico dun país, acaba por afectar de xeito directo ou indirecto á práctica totalidade da súa poboación ou sendo parte relevante da imaxe exterior deste, acabará por entrar na súa axenda política cun papel importante. Esa imaxe desa marca facilmente identificable a grande parte dos Estados do mundo, España-turismo, China-comercio, Inglaterra-traballo, por poñer un exemplo, ten a súa analogía en Marrocos coa migración.

A priori, atopar un feito diferenciador entre Marrocos e a súa área de influencia xeográfica inmediata (exceptuando á UE) amósase, a priori, complicado. Os seus ricos caladoiros

pesqueiros son compartidos con Mauritania ou Alxeria, o seu potencial turístico é equiparábel ao de Túnez, a súa agricultura e recursos naturais son tamén parecidos aos da práctica totalidade dos países do seu continente, o atractivo cultural ou histórica é tamén semellante e compartido con polo menos seis países da faixa mediterránea.

Como se viu en todo o relatado até o momento, o peso que ten a inmigración nunha multitude de sectores para Marrocos é dificilmente equiparábel, e isto ten a súa translación tamén ao plano político. E precisamente será este, a capacidade negociadora e aproveitamento do fluxo migratorio, os que construírán a identidade Marrocos cara fora e tamén e cara dentro.

Cara fora usando esta como elemento de presión pero tamén de negociación pero cara dentro tamén, atopando na migración unha válvula de escape para unha situación política en continua ameaza de inestabilidade, tanto polos conflitos territoriais internos, as grandes taxas de desemprego e a intermitente desconfianza cara a monarquía alauita que goberna o país desde 1666.

7.2.1. Unha fronteira flexíbel

Juan Carlos Imbroda¹⁹, presidente da Cidade Autónoma de Melilla, interpelado sobre a posibilidade dun hipotético regulamento para a aduana da cidade respostou que a conxuntura determinaría a maior ou menor fechamento da mesma, apelando a que esta debería ser "flexíbel".

Esta declaración, realizada en maio de 2007, define cal ten sido a política marroquí cara a migración nos últimos anos. Do mesmo xeito que promete, e executa, un maior control sobre os fluxos a cambio de axudas para a cooperación, ameaza con obviar e permitir os mesmos ou, de repente, mudar parte das súas leis para o acomodo dos intereses da Unión Europea.

A cambio consegue ser o primeiro interlocutor africano coa Unión Europea, ser o país máis beneficiado das axudas e tamén dos chamados continxentes ou cupos migratorios

19. Véxase: http://www.diariosur.es/prensa/20070509/melilla/imbroda-apuesta-frontera-flexible_20070509.html

outorgados a cada Estado, é dicir, o número de visados entregados a cada un.

A seguir, dous exemplos de ambas as posicións que ten mantido Marrocos e prerrogativas conseguidas, algunhas delas xa comentadas.

7.2.2. Un socio obediente

A política de migración marroquí, ou a política que Marrocos fai coa migración ten tido, como se comentaba previamente, un carácter ambivalente. Unha multitude de tratados, acordos e declaracións poden ser atopados e non é fácil con estes datos facer unha valoración real do carácter destas políticas, pero si que é certo que de todas elas o goberno marroquí remata por obter algún beneficio e as decisións están tomadas dentro dun marco estratéxico nítido. Dito marco ten como fin último e único a obtención dun beneficio, sexa económico como previamente se viu, sexa político.

Un exemplo do comentado é o proceso de aprobación da lei 02-03 relativa á entrada e residencia dos estranxeiros en Marrocos, a emigración e inmigración irregulares, finalmente ratificada no mes de febreiro de 2003.

Dita lei merece unha serie de consideracións que só son comprensíbeis a través do coñecemento dos intereses alleos a Marrocos que dita lexislación podía ter, estes xiran arredor de dous eixos que son o momento da redacción e aprobación do texto así como o contido do mesmo.

En primeiro lugar, o momento coincide cos primeiros anos dous mil. Naquela altura, cando os países do sur de Europa, nomeadamente España, soportan un aumento de fluxos que será o maior dos últimos vinte anos (ver Cadro 6) aceléranse os contactos diplomáticos cos distintos países emisores para trasladarlles por unha parte a esixencia de endurecemento das respectivas lexislacións e a responsabilidade no control de fronteiras. Pero eses contactos fanse tamén por vía da presión, como a cancelación de forma unilateral que fixo o goberno español en novembro de 2001 do Acordo Bilateral en Materia de Man de Obra, firmado apenas uns meses antes.

Así, na preocupación externa hacia esta problemática pódese xustificar a aprobación

A migración como factor xeopolítico nas Relacións Internacionais: O caso marroquí dunha lexislación que até o momento non preocupara nunca ás autoridades marroquís, cuxa último texto publicado ao espreito databa de 1959²⁰, que unificaba a lei en todo o territorio, que previamente, debido ao protectorado, posuía distintas normativas.

É precisamente nese momento cando Marrocos pon a funcionar a maquinaria lexislativa e edita a mencionada lei 02-03 para o control da migración.

Varios feitos serven para analizar o calado deste momento, sirva como exemplo tamén o acordo asinado que deu lugar ao nacemento do Sistema Integrado de Vigilancia Exterior, SIVE, un programa que inclúe as patrullas mixtas entre forzas de seguridade españolas e marroquís polo Estreito, xusto nun momento en que se produciran diversos incidentes diplomáticos pola mutua intromisión de ambos os corpos en asuntos alleos.

En canto ao contido da lei, poden atoparse tamén diversas influencias dos intereses estranxeiros na mesma.

Na altura en que esta lei era aprobada, os países do Norte comezan a por interese nos países considerados como lugar de paso para traspasar a eles a responsabilidade no control da emigración. Esta idea xorde da declaración conxunta de Aznar e Tony Blair durante a Conferencia Presidencia española da Unión Europea en Sevilla en xuño de 2002²¹, en que poñen en común unha proposta que incluíría sancións en forma de redución dos fondos de cooperación.

Esta preocupación está recollida tamén no Plan África, aínda que este documento foi editado posteriormente á aprobación da lei e do Cumio de Sevilla.

Centrando o tema na lei, esta está conformada por 49 artigos repartidos en sete capítulos que centran sobre todo a súa atención en cuestións como a repatriación ou as sancións ás persoas que organicen grupos ou viaxes con fin no estranxeiro de forma ilegal con

20. Belguendouz, Abdelkrim (2004). La nueva ley marroquí de in(e)migración: *Atlas de inmigración marroquí en España*, Madrid, Universidad Autónoma de Madrid. 104-107

21. Gil Araujo, Sandra (2011): Migración internacional, seguridad y desarrollo en las políticas migratorias de la Unión Europea: *IV Congreso de Migraciones y Desarrollo*, Quito, CIIMU.

intención migratoria, adicando moi poucos artigos a cuestións que serían máis típicas dunha lexislación deste tipo, como pode ser os permisos de residencia ou a concesión de visados.

A loita contra as redes de migración ilegais aparece no texto como un dos elementos fundamentais da propia lei. Deste xeitoponse o obxectivo nestas organizacións ilegais, pero tamén no propio Estado, así, no núcleo duro da lexislación atópanse as seguintes consideracións:

O artigo 51²², adicado aos funcionarios e membros das forzas de seguridade castiga con penas de dous a cinco anos de prisión e multas de entre 5.000 e 50.000 dirhams a “toda persoa que preste a súa axuda para a realización do acto de emigración ou inmigración irregular se exerce o mando de forzas públicas ou forma parte, ou se atope encargada dunha misión de control, ou si esta persoa é un dos responsábeis ou axentes ou empregados nos transportes terrestres, marítimos ou aéreos, ou en calquera outro medio de transporte sexa cal sexa”.

O seguinte artigo, o 52, pon o ollo directamente nas mencionadas redes ilegais, deste xeito cita:

“Castigarase con penas de prisión de entre seis meses e tres anos, así como unha multa de 50.000 a 500.000 dirhams a calquera persoa ou persoas que organicen ou faciliten a entrada ou saída de nacionais ou estranxeiros de xeito clandestino, en particular efectuando o seu transporte, a título gratuíto ou oneroso. Cando estes feitos sexan cometidos de xeito habitual, o culpábel será castigado con de dez a quince anos de cárcere e unha multa de entre 500.000 e 1.000.000 de dirhams”.

A particularidade deste artigo ademais reside en que a organización deste tipo de viaxes con fin migratorio convértese nun dos delitos máis penados pola propia lexislación marroquí, xa que o complementa sancionador do artigo 52 inclúe un hipotético caso de producirse lesións ou mesmo a morte dalgún dos emigrantes. Nese caso, segundo a lei “se resulta unha incapacidade permanente do transporte de persoas, cuxa entrada ou saída clandestina do territorio marroquí sexa organizada a pena prevista é a reclusión de quince a vinte anos. A pena será de reclusión perpetua cando o resultado sexa de morte”.

22. Lei 02/03 relativa á entrada de estranxeiros en Marrocos, á emigración e inmigración irregulares.

No I Congreso sobre Desenvolvemento Humano celebrado en Madrid en 2006, Mohamed Khachani, profesor da Facultade de Ciencias Económicas, Xurídicas e Sociais Mohamed V de Rabat emitiu a seguinte valoración: “ é unha resposta ás presións externas en materia de seguridade, inscribíndose nunha situación rexional e internacional que prioriza a seguridade en detrimento dos dereitos humanos, e coloca a Marrocos no lugar en que a UE desexa que teña na rexión para exercer o control sobre a migración”²³.

En resumo, unha lei coincidente cos intereses marcados pola axenda migratoria dos países europeos, que castiga ao que máis preocupaba a estes, a situación xeográfica de Marrocos e as posibilidades delictivas que dela se derivan. O resultado desta lei foi un descenso de fluxos, pero tamén un aumento histórico nas axudas á cooperación ao reino alauita.

7.2.3. Política de portas abertas

O potencial migratorio que posúe Marrocos, como se pode ver a través de moitas das características mencionadas: poboación moi nova, altas taxas de desemprego, redes migratorias potentes no estranxeiro, cercanía xeográfica e mesmo idiomática, é alto. Esta dimensión fai que sexa un problema que preocupa, e moito, ás autoridades europeas, de aí que moitos dos seus contactos diplomáticos garden relación con dita circunstancia. Deste xeito, desde tratados económicos ou de cooperación, como se viu previamente, conteñen mencións aos fluxos.

A preocupación que xera, equilibra en parte a balanza nunha negociación entre países moito máis poderosos a todo tipo de niveis. Isto fai que Marrocos teña en cada unha das negociacións un factor adicional co que poder facer presión.

A presenza da migración como arma está presente en dous dos acordos máis importantes asinados nos últimos anos entre Marrocos e a Unión Europea: o acordo para o libre comercio de produtos agrícolas .

O acordo UE-Marrocos sobre medidas recíprocas de liberalización do comercio de produtos agrícolas e produtos da pesca é un dos acordos en materia económica máis

23. Khani Mohamed (2006) El Impacto de la Migración en la Sociedad Marroquí: *I Congreso sobre Desarrollo Humano*, Madrid. 14-17

ambiciosos dos que teña acadado o país. Basicamente por dúas cuestións, en primeiro lugar porque coloca ao país como socio preferencial en materia agrícola dos veciños do norte, asinando un acordo que ademais colocaría ao reino como primeira potencia agroalimentaria do continente e, segundo e máis relevante, porque entra en xogo o sector fundamental da economía marroquí, a agricultura. A agricultura emprega ao 45% da poboación activa do país e supuxo o 17'1% do Produto Interior Bruto no 2011, polo que un empurrón así podería ser definitivo para a economía marroquí.

As negociacións de dito acordo non foron nin moito menos sinxelas, xa que atinxían a puntos moi delicados para a sociedade europea, nomeadamente a española, como é a crise do agro. Este sector, continuo xerador de desemprego, viríase definitivamente ameazado coa entrada destes produtos, xa que entrarían en igualdade de condicións no mercado, pese a ter uns custos de produción moito menos reducidos e soportando menos controis, xa que a libre importación non obriga a que a inspección a realizar sobre os mesmos sexa igual. Este tratado, que é unha revisión do inicialmente asinado en 1995 que permitía a comercialización, pero si gravada, comezou a ser debatido a mediados do ano 2011. Dadas as reformas incluídas polo Tratado de Lisboa, os acordos acadados pola Comisión Europea deben ser sempre referendados a posterior polo Parlamento europeo. É neste momento en canto as negociacións entran na súa fase crítica, xa que o acordo se retarda máis dada a oposición de diversas asociacións agrarias que fundamentan as súas críticas na escasa competitividade do produto europeo fronte ao marroquí e a contemplación dentro do acordo de que algúns dos produtos a importa proveñan de explotacións agrarias no Sáhara, sobre o que ditas organización non recoñecen a soberanía do Reino²⁴.

A resposta desde Marrocos non se fixo esperar, pese a non atopar declaracións concretas ao respecto, varios eurodeputados denunciaron a existencia dunha chantaxe migratoria de non asinarse o acordo. José Bové, eurodeputado dos Verdes chamou a Unión Europea a non caer na trampa e continuar negociando²⁵. Esta declaración prodúcese en febreiro de 2012, apenas tres meses despois da celebración de protestas masivas en Bruxelas

24. Véxase: <http://www.europarl.europa.eu/sides/getDoc.do?pubRef=-%2f%2fEP%2f%2fTEXT%2bWQ%2bE-2012-002451%2b0%2bDOC%2bXML%2bV0%2f%2fES&language=ES>

25. Véxase: http://www.euroefe.efe.com/1310_en-debate/1459734_eurodiputado-bove-denuncia-el-chantaje-migratorio-de-marruecos-para-que-se-apruebe-el-acuerdo-agricola.html

que cadraron coa publicación dun comunicado da Confederación Española de Policías que advertía dunha “relaxación por parte das autoridades marroquís nas praias nas que se producían saídas de pateiras”²⁶. Ademais, segundo o diario Público durante os meses centrais do ano 2011 producíronse tantas entradas ilegais en Ceuta e Melilla como en todo o ano 2010²⁷.

Abdelkrim Belguendouz da Universidade Mohamed V de Rabat resume a postura do seu goberno así: “Se non queren os produtos agrícolas marroquís, se non queren os tomates marroquís, terán homes e mulleres marroquís, terán inmigrantes marroquís”²⁸.

Finalmente, o 16 de Febreiro de 2012, o Acordo era referendado polo Parlamento Europeo, pese ás protestas agrarias, incluíndo, iso si unha cláusula dentro do apartado de consideracións xerais que non se atopaba nas negociacións previas:

“A Unión Europea considera que a apertura dos mercados e a integración progresiva no mercado interior europeo poden ser instrumentos poderosos para o desenvolvemento dos países do sur do Mediterráneo e axudar a mitigar a pobreza xeralizada e o desemprego que provocan grandes problemas económicos e migratorios na rexión. Para que este potencial se faga realidade, a UE está preparada para facer suficientes concesións comerciais”²⁹.

7.2.4. Migración e conflito

A páxina web Freedom House, observatorio de analistas e académicos da Ciencia Política que realizan análises anuais sobre o índice de democratización de todos os Estados do mundo, outorgou no seu último informe a Marrocos a cualificación “Partly Free”. O observatorio, guíase por unha escala de valores que oscila entre o 0, que representa aos réximes totalitarios, e o 7, que representa ás democracias. Neste eixo, Marrocos atópase no 4'5, chamando a atención sobre a nula liberdade de prensa pero á vez sobre a crecente adquisición por parte da poboación de maiores dereitos individuais e liberdade

26. Véxase: <http://maes.blogfree.net/?t=359381498>

27. Véxase: <http://www.publico.es/espana/391480/espana-teme-una-nueva-crisis-migratoria-tolerada-por-marruecos>

28. Belghendouz Abdelkrim (2002): Marruecos frontera con España, socio o gendarme da la Unión Europea?: *Colección mediterráneo económico, procesos migratorios, economía y personas, Numero 1*, Valencia, Caja Rural Intermediterránea. 11-13

29. Parlamento Europeo, 16 de febreiro de 2012, Acordo UE-Marrocos sobre medidas recíprocas de liberalización do comercio de produtos agrícolas e da pesca.

asociativa, pese a consideralas, novamente, parciais.

A cualificación “Partly Free” explícase a través da definición outorgada por Juan Linz de semi-autoritarismo³⁰: “sistema político híbrido que mistura institucións propias da democracia con outras propias do totalitarismo, que permite unha mobilización política, aínda que estritamente limitada, e mantén control sobre os medios de comunicación”.

Esta é a definición idónea do Estado marroquí, xa que a hibridaxe comentada por J.Linz existe, véndose reforzada pola Constitución aprobada en xuño de 2011, en que a autoridade do monarca vese reducida pola cesión de certas competencias ao primeiro ministro. Aínda así, pese a perder o seu carácter de sagrado, o monarca marroquí continúa sendo unha figura “inviolábel” dentro do texto constitucional e asemella a súa función política á recollida na Constitución española para o xefe do Estado, pese a que as denuncias de incumprimento continuo do mesmo son habituais por todo tipo de axentes políticos e sociais.

O interese deste tipo de réximes na emigración é habitual, e máis nunha situación como a marroquí na que as taxas de desemprego, pese a estar en descenso, continúan sendo altas e aínda máis cando dous conflitos étnico-territoriais continúan abertos (o proceso de autodeterminación do Sáhara e o recoñecemento da identidade tamazigh, identificada sobre todo na zona norte, na coñecida como “República de Abd el Krim”). A consideración do éxodo migratorio como o proporcionador de alivio á situación social xa aparece en documentos de mediados dos anos 50, así, no ano 1956 o na altura subsecretario de Asuntos Exteriores do goberno franquista Marqués de Santa Cruz declara nun ditamen previo á fundación do Instituto Nacional de Emigración que as daquelas multitudinarias marchas de cidadáns españois cara Sudamérica “frearon o paro e derivaron conflitos económicos e sociais”³¹.

Para o caso de aquela migración española, pero tamén para a marroquí faise preciso facer unha separación conceptual entre unha migración “política” e outra “para a política”.

30. Linz, Juan J. (2000): *Totalitarian and Authoritarian Regimes*, Londres, Rienner.

31. Pérez Prado, Antonio (2007): *Los gallegos y Buenos Aires*, Buenos Aires, Ediciones La Bastilla. 134

7.2.4.1. A migración política

Dentro da primeira, aínda existente, estarían encadrados aqueles perseguidos por motivos puramente ideolóxicos ou solicitantes de asilo por motivo político. No caso a analizar, este tipo de migrantes están en claro descenso, como se pode ver na táboa que segue, porén o continuo conflito do goberno marroquí cos autodeterministas saharauís, e a represión histórica sobre militantes e cadros da Fronte Polisaria, así como de determinados grupos islámicos e de oposición, fai que aínda se manteñan estábeis as cifras de persecución política.

7.2.4.2. Migración para política

Dentro do segundo grupo, iría incluída esa chamada migración para a política. A definición sería a dun fluxo migratorio xurdido dunha zona en perigo de conflito social que se ve aliviado pola marcha de potenciais participantes do mesmo.

Na literatura é habitual atopar referencias a este tema, así nas crónicas xornalísticas recollidas por Ignacio Cembrero³² relátase o seguinte encontro do autor cun alto cargo do goberno marroquí, do que oculta a identidade, que se expresa nos seguintes termos:

"Cada inmigrante marroquí que cruza o Estreito é unha boca menos que alimentar, un descontento menos que queda na casa, e se as cousas van ben, será dentro de pouco unha fonte de remesas coa que vivirán máis decentemente os seus familiares que permanezan aquí." "Entón?", "¿ por que quere que lles impidamos saír do país?".

Nun plano máis teórico, Hein de Haas, coordinador do International Migration Institute afirma³³:

“Durante o período posterior á independencia, o goberno marroquí estimulou, activamente, a emigración por razóns políticas e económicas. A migración internacional

32. Cembrero, Ignacio (2006), Vecinos alejados, Barcelona, Galaxia Gutenberg. 159

33. Haas, Hein (2007), Morocco's migration experience: A transitional perspective, *Forthcoming in International Migration*, Oxford.

A migración como factor xeopolítico nas Relacións Internacionais: O caso marroquí

era vista como unha «válvula de seguridade» para evitar tensións en certas áreas rurais, con poboación predominante berebere (Rif, Sous e nos oasis do sudoeste), que teñen una reputación de rebeldía fronte ao goberno central «árabe». Estas políticas foron postas en práctica, principalmente, por medio da regulamentación para a emisión de pasaportes e promovendo que os recrutadores operaran nesas áreas”.

Como se pode observar no seguinte cadro, en ditos lugares de maior potencial conflictivo é onde se concentran a maior parte das migracións de nacionais cara a Unión Europea, representando a zona do Rif un 38% do fluxo:

Cadro 8: Evolución do peso dos diferentes focos migratorios como lugares de orixe da comunidade marroquí en España

Conxunto rexional	1991		1992-2000		1991 + 2001		% en relación poboación total
	Valor absoluto	%	Valor absoluto	%	Valor absoluto	%	
Rif e Oriental	21.688	48,10	47.334	35,50	69.022	38,60	2,04
Marrocos atlántico	10.936	24,20	39.395	29,50	50.331	28,20	0,35
Península tingitania	10.513	23,30	37.749	28,30	48.262	27,00	2,37
Subtotal	43.137	95,60	124.478	93,30	167.615	93,80	
Saiss, entorno e Tafilalet	1.383	3,10	5.344	4,00	6.727	3,80	0,20
Suss, Draa, Guelmim e Gran Sur	614	1,30	3.657	2,70	4.271	2,40	0,11
Total	45.134	100,00	133.479	100,00	178.613	100,00	0,68

Fonte: Berriane, Mohamed, (2004), Los focos migratorios marroquíes y la emigración hacia España, *Atlas de la inmigración marroquí en España*, Madrid, Universidad Autónoma de Madrid.

Na seguinte táboa, xa representada previamente, pódense observar os fluxos de migración cara a Unión Europea. Cos picos máis baixos xurdidos desde África coinciden con catro feitos históricos en Marrocos, cos momentos de maior inestabilidade política:

- Comezo de década dos setenta. Despois da finalización dos tratados de man de obra asinados a comezos da década anterior por Marrocos con Francia, Bélxica ou Holanda comeza a operación retorno, que non tería moito éxito. A ruptura deses

tratados cadra tamén coa aprobación de leis máis restritivas nestes países, o que frearía os fluxos. Os previos da crise petroleira e a incapacidade de saír do país xeraron un grande descontento que rematou no golpe de Estado de Sjirat, protagonizado precisamente por soldados bereberes procedentes do Rif, en 1971³⁴.

- No ano 1999 falece o monarca Hassan II. Na altura as presións internacionais para que o novo rei, o seu fillo, Mohamed VI comezara cun proceso de reformas eran relevantes. As presións tamén dos exiliados dos anos de plomo que esixían un cambio político e democrático inmediato en Marrocos cadraron novamente coa maior corrente migratoria xurdida desde o Reino. Naquela altura, moitas outras variábeis previamente mencionadas impulsaron aquela saída, pero a coincidencia histórica existe.
- Un novo pico negativo a finais de 2010 coincide co proceso de revoltas democráticas iniciadas en todos os países do Magreb árabe. A chamada Primavera Árabe que esixía mudanzas políticas para todos os países árabes desde Siria até Marrocos tamén ten a súa correspondencia en Marrocos a través do movemento 20 de Febreiro. As maiores mobilizacións da historia recente de Marrocos concluíron coa reforma constitucional de xullo de 2011.

Como se pode observar, esta serie de datos estatísticos e históricos constatan a existencia dunha relación entre alivio do descontento social e fluxos migratorios.

En resumo, existen unha serie de coincidencias históricas entre situacións de inestabilidade social e/ou política que cadraron con maior ou menor dos fluxos. Sen ter por que ser esta a variábel determinante un repaso á historia marroquí agocha diversos episodios semellantes.

34. Fadel, Mohamed (1998): El primer Estado del Sáhara occidental, París, Ediciones LHarmattan.

8. Conclusións

1. A selección de Marrocos como obxecto de estudo foi a axeitada, dado que as súas características son coincidentes cos requisitos preliminares da investigación, fluxo vinculado a relación histórica, intensidade do mesmo, potencial migratorio (observado en base ás cifras de desemprego e poboación en idade activa) e existencia de textos diplomáticos, tratados, acordos e conxunturas históricas e políticas en que a migración fora un factor chave.
2. Cúmrese o postulado da teoría da interdependencia complexa seleccionado, xa que como ben se indica, as negociacións entre actores, entrando na súa fase de conflito, non se ven mediados por elementos pertencentes aos referidos como duros, potencial militar nomeadamente, senón que son terceiros que mesmo chegan a por en cuestión a xerarquía disposta a priori. Dentro do material, chega a observarse como un actor máis poderoso en todos os sentidos como a Unión Europea é capaz de pregar aos seus intereses ante outro con menos, a priori, capacidade coactiva.
3. Apórtase á Socioloxía das Migracións cun novo factor de empuxe, a tensión social no país de orixe, e as políticas de estímulo da migración como medio de alivio da mesma.
4. Verifícase a hipótese do beneficio económico do goberno por dúas razóns. En primeiro lugar a súa influencia no Produto Interior Bruto, tanto das remesas como das axudas á cooperación, que xuntas chegan a supor un 20% do indicador, e en segundo lugar por este beneficio ser directamente procurado polo goberno, mediante a negociación e o estímulo do envío de remesas.
5. Un dos elementos propostos como xerador de poder brando segundo os postulados de Joseph Nye, a cohesión da poboación, preséntase como un elemento directamente favorecido pola intensidade dos fluxos migratorios.
6. Constátase que os fluxos migratorios e o seu control son elementos fundamentais

A migración como factor xeopolítico nas Relacións Internacionais: O caso marroquí nas negociacións entre o goberno marroquí e outros actores internacionais, mesmo chegando a empregalos a modo de coacción.

Por último, en canto ás hipóteses centrais do texto pódese concluír que:

O goberno marroquí efectivamente ten un interese na mantenza de fluxos migratorios cara a Unión Europea, xa que estes supóñenlle unha serie de vantaxes na súa dimensión externa e interna.

Na súa dimensión externa:

- *Posuíndo un elemento de relación e negociación cos actores máis relevantes da súa zona xeográfica.*
- *Abríndolle a posibilidade de acadar acordos vantaxosos con ditos actores dada a preocupación destes pola existencia dos fluxos migratorios.*

Na súa dimensión interna:

- *Mediante a elaboración de políticas concretas para favorecer o envío de remesas e axudas para a cooperación, o goberno consegue unha serie de ingresos extra que aportan ao Produto Interior Bruto sumas de diñeiro superiores ás de moitas das súas industrias estratéxicas.*

Outorgando permisividade á saída continua de cidadáns consegue aliviar as taxas de desemprego e, polo tanto, é así capaz de aliviar as situacións que puideran derivar na escenificación dun conflito social. Tendo ademais en conta que a maior parte destes fluxos parten de zonas con maior potencial de conflito, como zonas rurais empobrecidas ou territorios non identificados coa nacionalidade do Reino.

9. Bibliografía

- 1993: Discours et interviews de S.M. le Roi Hassan II. Rabat, Ministère de l'Information.
- Baduel, Pierre (1980), *Société et émigration temporaire au Nefzaoua (Sud-Tunisien)*, París, Editions du cnrs.
- Barbé, Esther (1995): *Relaciones Internacionales*, Madrid, Tecnos
- Belguendouz, Abdelkrim (2004). La nueva ley marroquí de in(e)migración: *Atlas de inmigración marroquí en España*, Madrid, Universidad Autónoma de Madrid.
- Belghendouz Abdelkrim (2002): Marruecos frontera con España, socio o gendarme da la Unión Europea?: *Colección mediterráneo económico, procesos migratorios, economía y personas, Numero 1*, Valencia, Caja Rural Intermediterránea.
- Cembrero, Ignacio (2006), *Vecinos alejados*, Barcelona, Galaxia Gutemberg
- Dahiri, Mohamed (2004): Las remesas económicas y sociales de la diáspora marroquí y sus efectos en Marruecos: *Atlas de la inmigración marroquí en España*, Madrid, Universidad Autónoma de Madrid
- Fadel, Mohamed (1998): *El primer Estado del Sáhara occidental*, París, Ediciones LH. Armattan.
- Gil Araujo, Sandra (2011): Migración internacional, seguridad y desarrollo en las políticas migratorias de la Unión Europea: *IV Congreso de Migraciones y Desarrollo*, Quito, CIIMU.
- Haas, Hein (2007), *Morocco's migration experience: A transitional perspective, Forthcoming in International Migration*, Oxford.
- Khani Mohamed (2006) *El Impacto de la Migración en la Sociedad Marroquí: I Congreso sobre Desarrollo Humano*, Madrid.
- Linz, Juan J. (2000): *Totalitarian and Authoritarian Regimes*, Londres, Rienner.
- López García, Berriane (2004), *Atlas de la inmigración marroquí en España*, Madrid, Universidad Autónoma de Madrid.
- Merle, Marcel. (1991): *Sociología de las Relaciones Internacionales*, Madrid, Alianza.

- Moré, Íñigo (2007): Las remesas en Marruecos y el Mediterráneo. *Codesarrollo, nuevos actores, nuevos mercados*. Madrid, Cartamed
- Moré, Íñigo (2007): Las sorprendentes remesas de los emigrantes marroquíes: *Atlas de la inmigración marroquí en España*, Madrid, Universidad Autónoma de Madrid.
- Nye, Joseph (1980): *Managing Conflict in the Post-Cold War World: The Role of Intervention*, Aspen, Aspen Institute
- Pérez Prado, Antonio (2007): Los gallegos y Buenos Aires, Buenos Aires, Ediciones La Bastilla.
- Planet, Larramendi (2011): Los emigrantes marroquíes en el exterior: La construcción de una ciudadanía en la diáspora. *Mohamed VI, política y cambio social en Marruecos*, Madrid, Almuzara.
- Waller Meyers, Deborah (2000): Remesas de América latina: revisión de la literatura. *Comercio Exterior Abril 2000*, México, Banco Mext.

Documentos oficiais:

- Oficina de Cooperación EuropeAid (2003): Programa MEDA, Bruxelas, Dirección General de Relaciones Exteriores.
- Lei Orgánica 2/2009 sobre Dereitos e Liberdades dos estranxeiros en España
- Lei 02/03 relativa á entrada de estranxeiros en Marrocos, á emigración e inmigración irregulares
- Parlamento Europeo, 16 de febreiro de 2012, Acordo UE-Marrocos sobre medidas recíprocas de liberalización do comercio de produtos agrícolas e da pesca.

Refencias en internet:

- <http://es.wikipedia.org/wiki/Marruecos>
- www.ine.es
- http://www.cadenaser.com/internacional/articulo/marruecos-vota-elecciones-marcadasabstencion/csrsrpor/20111124csrsrint_6/Tes
- <http://datos.bancomundial.org/indicador/SL.TLF.CACT.ZS>
- http://www.diariosur.es/prensa/20070509/melilla/imbroda-apuesta-frontera-flexible_20070509.html

- <http://www.europarl.europa.eu/sides/getDoc.do?pubRef=-%2f%2fEP%2f%2fTEXT%2bWQ%2bE-2012-002451%2b0%2bDOC%2bXML%2bV0%2f%2fES&language=ES>
- http://www.euroefe.efe.com/1310_en-debate/1459734_eurodiputado-bove-denuncia-el-chantajemigratorio-de-marruecos-para-que-se-apruebe-el-acuerdo-agricola.html
- <http://maes.blogfree.net/?t=359381498>
- <http://www.publico.es/espana/391480/espana-teme-una-nueva-crisis-migratoria-tolerada-por-marruecos>